

INFORMACIÓN

**ITINERARIOS
ACADÉMICOS e/ou
PROFESIONAIS**



José Raposeiras Correa

Equipo de Orientación Específico de Pontevedra
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Curso académico: 2017/2018

Í N D I C E

1. Opcións académicas e profesionais ao remate da ESO
2. A Formación Profesional Básica
3. O Bacharelato segundo a LOMCE
4. A Formación Profesional Específica
5. Familias profesionais e Ciclos Formativos de Grao Medio.
Solicitude de admisión
6. Ensinanzas Artísticas non superiores
7. Ensinanzas Deportivas de Grao Medio
8. Ensinanzas para Persoas Adultas
9. Cadro validacións ESO / Adultos
10. Probas para a obtención do Título de ESO
11. Estudos anteriores validables para as probas libres de ESO
12. Equivalencias de estudos
13. Proba para a obtención do Título de Bacharelato
14. Probas para a obtención dos Títulos de Técnico e de Técnico Superior de ciclos formativos de FP
15. Probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Medio
16. Opcións académicas e profesionais ao remate do Bacharelato
17. A Formación Profesional de Grao Superior
18. Familias profesionais e Ciclos Formativos de Grao Superior. Solicitude de admisión
19. Modalidades preferentes de admisión ao Grao Superior
20. Adscrición dos Títulos de Técnico Superior de FP ás Ramas de coñecemento dos Estudos Universitarios de Grao
21. Probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior
22. Proba de acceso á Universidade dende o Bacharelato
23. Adscrición das materias de 2º de Bach. ás Ramas de coñecemento das Ensinanzas Universitarias de Grao
24. Parámetros ponderación das materias fase específica
25. Proba acceso á Universidade para alumnado procedente da FP de Grao Superior
26. Ensinanzas Artísticas Superiores
27. Ensinanzas Deportivas de Grao Superior
28. Ensinanzas de Idiomas
29. A Formación Profesional para o Emprego
30. Bolsas de interese
31. Prazas en Centros Residenciais Docentes
32. Consideracións a modo de suxestión

**Opcións académicas
e profesionais
ao remate da ESO**

A) PARA O ALUMNADO QUE ACADÉ O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Bacharelato (tres modalidades).
- Formación Profesional de Grao Medio (26 familias profesionais).
- Grao Medio de Artes Plásticas e Deseño (proba específica).
- Música e Danza (de carácter regrado ou non regrado).
- Ensinanzas Deportivas de Grao Medio (proba específica).
- Ensinanzas de Idiomas (modalidades presencial e a distancia).
- **Formación non regrada:**
 - Profesor/a de Autoescolas, Canteiro ou Mestre Canteiro, Adestrador Canino, Auxiliar de Veterinaria ...
 - Cursos diversos en academias privadas (informática, deseño de Páxinas Web ou de Blogs, técnicas de busca de emprego, actividades de lecer e tempo libre ...
- **Preparación de oposicións:**
 - Bombeiro
 - Garda Civil. Escala Básica (18 anos e probas selectivas).
 - Forzas Armadas Profesionais.
 - Oposicións ás categorías do Grupo C2 de empregados públicos.
- **Formación profesional para o emprego:**
 - Formación ocupacional: Accións Formativas para o Desempregado (AFD), Escolas Obradoiro ...
 - Iniciativas locais de emprego, en Concellos.
- **Mundo laboral** (sen cualificación). Buscar un traballo. Acceso e/ou incorporación ao mercado laboral: inscribirse no SPE / SGC, Empresas de Traballo Temporal...

B) ALUMNADO SEN O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- Formación Profesional Básica (alumnado que teña entre os 15 e os 17 anos cumpridos, unha vez cursados os tres primeiros anos de ESO ou excepcionalmente con 2º) ou Programas Formativos da FP Básica con cambio de modalidade educativa.
- ESO para Persoas Adultas (18 anos ou dende os 16 anos con contrato laboral).
- Obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria mediante proba libre (convocatorias anuais en maio e setembro (maiores de 18 anos).
- Acceso a Ciclos Formativos de FP mediante proba:
 - ✓ Ciclos Formativos de Grao Medio (proba con **17** anos).
 - ✓ Ciclos de Grao Superior (proba con **19** anos ou con **18** anos para Técnicos de Grao Medio da mesma Familia Profesional).
- **Formación profesional para o emprego:**
 - Formación ocupacional: Accións Formativas para o Desempregado (AFD), Escolas Obradoiro ...
 - Iniciativas locais de emprego, en Concellos.
- **Formación non regrada:**
 - Cantería, Adestrador Canino, Auxiliar Veterinaria ...
 - ✓ Cursos gratuítos autorizados pola Xunta de Galicia e impartidos en centros públicos, privados ou concellos. Neste caso é necesario estar inscritos no Servizo Galego de Colocación / SPE.
- **Mundo laboral** (sen cualificación). Buscar un traballo. Acceso e/ou incorporación ao mercado laboral: inscribirse no SPE / SGC, Empresas de Traballo Temporal...

A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Constitúe unha modalidade de ensino que ten como finalidade a **recuperación do alumnado que non acadou os obxectivos do ensino obrigatorio**, axudándolle a superar as súas deficiencias formativas e a conseguir unha cualificación profesional de Nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP). A formación profesional básica non está clasificada dentro da ensinanza secundaria (ciclos formativos soltos). Unha ensinanza de oferta obrigatoria con carácter gratuíto (transporte escolar, comedor ...). Ten unha duración de dous cursos académicos (na FP Dual serían tres cursos). A titulación oficial obtida ten **validez académica** xa que permite o **acceso directo** aos ciclos formativos de Grao Medio. Así mesmo -a **nivel laboral**- esta titulación terá **os mesmos efectos** que o título de Graduado en ESO.

¿A quen vai dirixida?

- Con carácter xeral ao alumnado que faga os **15 ou 16 anos** de idade, no ano de inicio do ciclo formativo (**non superar os 17 anos** no momento do acceso nin durante o ano natural en curso). De quedar prazas vacantes pódense completar os grupos con persoas que cumpran 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo (estas persoas deberán presentar a solicitude de admisión nos prazos establecidos para a oferta obrigatoria).
- Ter cursado 3º de ESO (1º Ciclo desta etapa educativa) ou excepcionalmente 2º de ESO.
- A proposta do equipo docente, segundo o consello orientador.
- Contar co consentimento das familias ou titores legais.

ESTRUTURA para os dous cursos (2000 horas)

- Módulos profesionais específicos asociados a Unidades de Competencia.
- Módulos asociados aos bloques comúns
 - Módulo de Comunicación e Sociedade I e II: Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira (Inglés) e Ciencias Sociais.
 - Módulo de Ciencias Aplicadas I e II: Matemáticas e Ciencias Aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.
- Formación en Centros de Traballo (FCT). Este módulo de prácticas en empresas pódese realizar en calquera momento, ao longo dos cursos (cando se considere máis oportuno).
- Unha hora de tutoría lectiva semanal, en cada curso.

Promoción e repetición

- Superando o 80% do primeiro curso o alumno/a poderá promocionar ao 2º curso, matriculándose das materias pendentes.
- Superando o 50% do primeiro curso e previo informe do equipo docente, o alumno/a poderá matricularse dos módulos pendentes e dalgúns do 2º curso ata completar o horario escolar.
- Pódese repetir cada un dos cursos unha soa vez. O tempo máximo de permanencia na FPB é de catro anos. Excepcionalmente e previo informe do equipo docente poderase repetir un dos cursos unha segunda vez.

¿Que titulación académica proporciona?

O alumnado que teña superados os módulos dos dous cursos académicos terá dereito á expedición do **Título Profesional Básico** da familia correspondente así como unha **cualificación de nivel I**. Esta titulación permite presentarse ás probas de Avaliación final de ESO, en calquera das dúas modalidades. No suposto de superalas acadaríase a titulación de Graduado en ESO.

Os alumnos/as que non acaden o Título Profesional Básico recibirán un **certificado académico** dos módulos profesionais superados, de ser o caso.

Perfís profesionais básicos / oferta / 21 currículos de títulos	
	Administración e xestión
	CB Servizos administrativos
	Agraria
	CB Agroxardaría e composicións florais
	CB Actividades agropecuarias
	CB Aproveitamentos forestais
	Artes Gráficas
	CB Artes gráficas
	Comercio e márketing
	CB Servizos comerciais
	Edificación e obra civil
	CB Reforma e mantemento de edificios
	Electricidade e electrónica
	CB Electricidade e electrónica
	Fabricación mecánica
	CB Fabricación e montaxe
	Hostalaría e turismo
	CB Cociña e restauración
	CB Aloxamento e lavandería
	Imaxe persoal
	CB Peiteado e estética
	Industrias Alimentarias
	CB Industrias alimentarias
	Informática e comunicacións
	CB Informática e comunicacións
	CB Informática de oficina
	Madeira, moble e cortiza
	CB Carpintaría e moble
	Marítimo-pesqueira
	CB Actividades marítimo-pesqueiras
	Téxtil, confección e pel

CB Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel	
CB Tapizaría e cortinaxe	
	Transporte e mantemento de vehículos
CB Mantemento de vehículos	
	Vidro e cerámica
CB Vidraría e olaría	

OBSERVACIÓN: Para o **alumnado con necesidades educativas especiais** existen **programas formativos** de formación profesional básica, adaptados ás súas necesidades. Estes programas teñen unha duración dun curso académico, podéndolle aplicar a flexibilización modular cunha ampliación a dous ou tres anos.

>>> No curso **2017/2018** pódense cursar estes **programas formativos básicos** en varios **Centros de Educación Especial** de Galicia -sostidos con fondos públicos- nas seguintes **familias profesionais**: 1) *Agraria*. 2) *Artes Gráficas*. 3) *Comercio e Márketing*. 4) *Hostalería e Turismo*. 5) *Imaxe Persoal*. 6) *Industrias Alimentarias*. 7) *Madeira, Moble e Cortiza*. 8) *Servizos Socioculturais e á Comunidade*. 9) *Téxtil, Confección e Pel* e 10) *Vidro e Cerámica*.

>>> A oferta actualizada dos ciclos formativos da Formación Profesional Básica así como dos Programas Formativos pódese consultar na **Orde do 14 de xuño de 2017** (DOG do 26 de xuño).

>>> Para máis información relativa á Formación Profesional Básica e aos Programas Formativos, véxase a **Orde do 5 de agosto de 2014** (DOG do 13 de agosto), a **Orde do 14 de agosto de 2014** (DOG do 26 de agosto), o **Decreto 107/2014**, do 4 de setembro (DOG do 15 de setembro de 2014) e a **Orde do 13 de xullo de 2015** (DOG do 22 de xullo) así como na Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/fp>

O BACHARELATO SEGUNDO A LOMCE

¿Que é?

Unha etapa educativa non obrigatoria de **dous cursos académicos** de duración á que se accede co Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e unha vez superada a avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria pola opción de **ensinanzas académicas**. Tamén se pode acceder directamente, a calquera das modalidades de Bacharelato, cun Título de Técnico dos Ciclos Formativos de Grao Medio de Formación Profesional, de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e de Técnico Deportivo.

FINALIDADE

Proporcionar ao alumnado a formación, a **madurez intelectual e humana** así como os **coñecementos e habilidades** que lles permitan desempeñar as súas funcións sociais con responsabilidade e competencia. Así mesmo facilítalles unha **capacitación para acceder** á Educación Superior. Procurarase dar unha formación xeral e unha **orientación/preparación para os estudos posteriores**, entre eles os das **Ensinanzas de Réxime Especial**.

ORGANIZACIÓN XERAL

MODALIDADES	A. Ciencias
	B. Humanidades e Ciencias Sociais
	C. Artes

PROMOCIÓN

Ao finalizar o 1º curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará as decisións sobre a súa promoción ao 2º curso tendo en conta que:

- As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao 2º curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- O alumnado que conseguise a promoción ao 2º curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de 2º curso.

PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NUN MESMO CURSO

- O alumnado poderá permanecer cursando bacharelato, no réxime ordinario, con carácter xeral, **un máximo de catro anos**, consecutivos ou non. Poderá repetir cada un dos cursos de Bacharelato unha soa vez como máximo. Excepcionalmente poderá repetir un dos cursos unha segunda vez, previo informe favorable do equipo docente.
- Os alumnos/as promocionarán de primeiro a segundo de Bacharelato, unha vez superadas as materias cursadas ou con avaliación negativa en dúas materias como máximo. En todo caso, deberán matricularse, en segundo curso, das materias pendentes de primeiro.
- A superación das materias de segundo curso que impliquen continuidade, estará condicionada á superación das correspondentes materias do primeiro curso.

- Os alumnos/as que ao finalizar o **segundo curso** teñan **avaliación negativa nalgunha materia**, poderán matricularse soamente das materias con avaliación negativa ou optar por matricularse de todas as materias de segundo, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións. A este alumnado considéraselle -nas materias que xa teña superadas- a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta cualificación sexa superior á anterior.

¿QUE SAÍDAS PROPORCIONA?

-  Estudos Universitarios de Grao trala superación da ABAU.
-  Ciclos Formativos de Grao Superior.
-  Estudos Superiores de Ensinanzas Artísticas, superando unha proba de acceso.
-  Ensinanzas Deportivas de Grao Superior.

Obtención do Título de Bacharelato para o alumnado que finalice as Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza:

- ⇒ O alumnado que estea en posesión do Título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza poderá obter o Título de Bacharel, en relación coas materias do bloque de asignaturas troncais que como mínimo se deben cursar na modalidade e opción que escolla o alumno/a.

BACHARELATO RÉXIME DE ADULTOS

Con carácter xeral, pódense matricular todas as persoas que cumpran 18 anos no ano en que se formaliza a matrícula e posúan o título de graduado en educación secundaria ou equivalente. Tamén, se poderán matricular nesas ensinanzas as persoas que cumpran algunha destas condicións:

- Que teñan máis de 16 anos, cun contrato laboral que lles impida asistir ás clases do réxime ordinario de ensinanzas.
- Que teñan máis de 16 anos e sexan deportistas de alto rendemento.

A oferta educativa é en horario tarde/noite. Isto permite obter o Título de Bacharelato cursando as correspondentes materias distribuídas en **tres bloques**, ao longo de **tres cursos escolares**. Estas ensinanzas poden cursarse por bloque completo de materias ou por materias illadas. O tempo **máximo** de permanencia nelas é de **6 anos académicos**. De esgotar estes anos sen acadar a titulación, poderase cursar as materias pendentes a través do réxime a distancia ata completar a súa formación.

O RÉXIME A DISTANCIA pódese cursar por dous camiños diferentes:

- Bacharelato **semipresencial**, no que o alumnado ten que asistir obrigatoriamente ás titorías presenciais das diferentes materias.
- Bacharelato a **distancia**, con titorías telemáticas (aula virtual).

PLAN DE ESTUDOS / BACHARELATO LOMCE

1º curso de BACHARELATO				
		CIENCIAS	HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
	Materias TRONCAIS XERAIS (4)	- Lingua castelá e literatura I 1ª Lingua estranxeira I - Filosofía - Matemáticas I	- Lingua castelá e literatura I 1ª Lingua estranxeira I - Filosofía - Latín I (Itinerario Humanidades) - Matemáticas Aplicadas ás CCSS I (Itinerario CCSS)	- Lingua castelá e literatura I 1ª Lingua estranxeira I - Filosofía - Fundamentos da Arte I
	Materias TRONCAIS DE OPCIÓN (2)	- Física e Química - Bioloxía e xeoloxía - Debuxo Técnico I	- Historia do mundo Contemporáneo - Literatura Universal - Grego I - Economía	- Historia do Mundo Contemporáneo - Literatura Universal - Cultura Audiovisual I
	Materias ESPECÍFICAS (mínimo 3 / máximo 4)	Educación Física (sempre). >>> Das seguintes materias, escoller un MÍNIMO de dúas / MÁXIMO tres <<< - Relixión - Segunda Lingua estranxeira - Cultura científica - Tecnoloxía Industrial I - Tecnoloxías de información e a comunicación I - Debuxo Técnico I (agás que se cursara na modalidade de Ciencias) - Unha materia do bloque de troncais non cursada dentro da súa opción.		
	Materias de LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	SEMPRE: Lingua Cooficial e Literatura > Unha materia ofertada polo centro e autorizada pola Consellería. Ao respecto, véxase a relación de materias na Orde do 15 de xullo de 2015 (DOG do 21 de xullo) e na Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG do 4 de agosto).		

2º curso de BACHARELATO

	CIENCIAS	HUMANIDADES e CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Materias TRONCAIS XERAIS (4)	• Lingua castelá e literatura II • 1ª Lingua estranxeira II • Historia de España • Matemáticas II	• Lingua castelá e literatura II • 1ª Lingua estranxeira II • Historia de España • Latín II (Itinerario Humanidades) • Matemáticas Aplicadas ás CCSS II (Itinerario CCSS)	• Lingua castelá e literatura II • 1ª Lingua estranxeira II • Historia de España • Fundamentos da Arte II
Materias TRONCAIS DE OPCIÓN (2)	• Física • Química • Bioloxía • Xeoloxía • Debuxo Técnico II	• Historia da Arte • Grego II • Economía da empresa • Xeografía • Historia da Filosofía	• Artes Escénicas • Deseño • Cultura Audiovisual II
Materias ESPECÍFICAS (mínimo 2 / máximo 3)	- Relixión - Historia da Filosofía (agás que se escollera na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais) - Tecnoloxía Industrial II - Tecnoloxías de información e a comunicación II - Debuxo Técnico II (agás que se escolla na modalidade de Ciencias) - Técnicas de expresión gráfico/plásticas - Fundamentos administración e xestión - Imaxe e son - Unha materia do bloque de troncais non cursada dentro da súa opción.		
Materias de LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	SEMPRE: > Lingua Cooficial e Literatura OUTRAS como: > Educación Física, materias do bloque de específicas non cursadas, materias de ampliación de contidos dos bloques de troncais ou específicas ou materias ofertadas polo centro e autorizadas pola Consellería (Orde do 15 de xullo de 2015 (DOG do 21 de xullo) e Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG do 4 de agosto), segundo dispoñibilidade horaria e oferta do centro.		

A FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA

¿Que é?

É unha etapa da educación secundaria non obrigatoria, que ten como finalidade a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento das diferentes profesións.

¿Como se organiza?

Organízase en **26 familias profesionais** que comprenden un conxunto de Ciclos Formativos de Grao Medio (CM) e Grao Superior (CS) de formación teórico/práctica.

A duración destes ciclos é de 2000 horas de formación segundo a LOE (equivalen a 2 cursos), que se reparten entre o centro educativo e o centro de traballo. No presente curso académico pódense atopar ciclos cunha duración diferente xa que se está a extinguir o antigo plan de estudos LOXSE.

¿Que materias hai que cursar?

As materias da Formación Profesional denomínanse módulos profesionais e teñen unha duración variable. Pódense agrupar en:

- ⇒ Módulos nos que se traballan competencias relacionadas co ciclo a cursar.
- ⇒ Módulos de Formación e Orientación Laboral que facilita a inserción no mundo laboral con contidos relacionados coa lexislación laboral, as técnicas de busca de emprego ou a prevención de riscos laborais.
- ⇒ Módulo de formación en centros de traballo (FCT) que se realiza unha vez cursados e aprobados os módulos anteriores. Permite o contacto directo co mundo das empresas e o mercado laboral.

Cada módulo profesional poderá ser obxecto de avaliación nun máximo de catro convocatorias, con independencia do centro e do réxime, ou da modalidade en que se curse.

¿Que titulacións e saídas proporciona?

- **Os ciclos formativos de Grao Medio: Título de Técnico** que da acceso a:
 - Bacharelato.
 - Formación Profesional de Grao Superior.
 - Outro Ciclo de Grao Medio.
 - Mundo Laboral.
- **Os ciclos formativos de Grao Superior: Título de Técnico Superior** que da acceso a:
 - Outro Ciclo de Grao de Superior.
 - Estudos Universitarios.
 - Mundo laboral.

RÉXIME DE ADULTOS

Aquelas persoas con 18 anos (ou maiores de 16 que acrediten a súa condición de traballadores) e cumpran os requisitos académicos de acceso poden optar polo réxime de adultos. Neste réxime os ciclos pódense cursar completos ou por módulos. A LOE/LOMCE establece que na implantación dos novos currículos de formación profesional poderase acceder a este réxime sen reunir os requisitos académicos, aínda que para a obtención do título correspondente precísase cumprilos.

FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

* Os ciclos sinalados con asterisco son Títulos LOXSE.



Actividades Físicas e Deportivas

* CM Condución de actividades físico-deportivas no medio natural (**duración: 1.400 horas**).



Administración e xestión

CM Xestión administrativa.



Agraria

CM Aproveitamento e conservación do medio natural.

CM Xardinaría e floraría.

CM Producción agropecuaria.

CM Producción agroecolóxica.



Artes e artesanía



Artes Gráficas

CM Impresión gráfica.

CM Preimpresión dixital.



Comercio e Marketing

CM Actividades comerciais.



Edificación e Obra Civil

CM Obras de interior, decoración e rehabilitación.

CM Construción.



Electricidade e Electrónica

CM Instalacións eléctricas e automáticas.

CM Instalacións de telecomunicacións.



Enerxía e auga



Fabricación Mecánica

CM Mecanizado.

CM Soldadura e caldeiraría.



Hostalería e Turismo

CM Cociña e gastronomía.

CM Servizos en restauración.



Imaxe e Son

CM Video disc-jockey e son.



Imaxe Persoal

CM Estética e beleza.

CM Peiteado e cosmética capilar.



Industrias Alimentarias

CM Panadaría, repostaría e confeitaría.

CM Aceites de oliva e viños.

CM Elaboración de produtos alimenticios.



Industrias extractivas



Informática e comunicacións

CM Sistemas microinformáticos e redes.



Instalación e mantemento

CM instalacións frigoríficas e de climatización.

CM Instalacións de produción de calor.

CM Mantemento electromecánico.



Madeira, moble e cortiza

CM Instalación e amoblamento.

CM Carpintería e moble.



Marítimo pesqueira

CM Cultivos acuícolas.

CM Navegación e pesca de litoral.

CM Mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.

CM Operacións subacuáticas e hiperbáricas



Química

CM Operacións de laboratorio.



Sanidade

* CM Coidados auxiliares de enfermaría (**duración: 1.400 horas**).

CM Emerxencias sanitarias.

CM Farmacia e parafarmacia.



Seguridade e medio ambiente

CM Emerxencias e Protección Civil.



Servizos socioculturais e á comunidade

CM Atención a persoas en situación de dependencia.



Téxtil, confección e pel

CM Confección e moda.



Transporte e mantemento de vehículos

CM Electromecánica de vehículos automóbiles.

CM Carrozaría.



Vidro e cerámica

Solicitud de admisión

- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo ao ciclo formativo de grao medio e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De facelo, excluírase do proceso de admisión.
 - Presentar -en prazo- **unha única solicitude** que se pode xerar vía Web, en **calquera centro** público de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional. Prazo ordinario (curso 2017/18): do **26 de xuño ao 4 de xullo**. Neste prazo unicamente presentará solicitudes de admisión a grao medio o alumnado que cumpra os requisitos de acceso ao ciclo (acceso directo por ter a titulación requirida ou mediante proba).
 - En grao medio, **o baremo** para a adxudicación de prazas é o expediente académico exclusivamente, con independencia da titulación alegada para o acceso. Así mesmo **resérvase** ata o **70%** de prazas para alumnado con titulación de ESO ou equivalente, ata o 20% para alumnado con titulación de FP Básica e PCPI (superación dos módulos obrigatorios de PCPI do curso 2011-2012 e seguintes) e ata o 10% para os que superen as probas de acceso a grao medio e outros.
 - Prazo extraordinario (curso 2017/18): do **1 ao 8 de setembro**, para o alumnado que reúna as condicións en setembro.
 - **Adxudicación de praza**. Unha vez que se lle adxudique unha praza, a persoa solicitante ten dúas posibilidades:
 - ✓ **Matricularse**: no centro adxudicado e nos prazos establecidos.
 - ✓ **Renunciar á praza**: no centro adxudicado e nos prazos establecidos. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa. Seguirase no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores.
- >>> **OBSERVACIÓN**: no caso de non matricularse nin renunciar á praza adxudicada no prazo establecido, quedaríase excluído do proceso de admisión.
- >>> Para máis información: www.edu.xunta.es/fp

ENSINANZAS ARTÍSTICAS NON SUPERIORES



Poden ser de carácter regrado ou non regrado. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios e centros autorizados de música (estes de titularidade privada). Divídense en tres graos :

- **Elemental:** consta de catro cursos. O **Título** é **Certificado de Estudos Elementais**. A idade mínima para iniciar estudos é de 8 anos e a máxima de 14 anos.
- **Profesional:** abrangue seis cursos. O **Título** é de **Grao Profesional** na especialidade cursada. Non hai límite de idade no acceso.

O **acceso de admisión** ao Grao Elemental/Profesional é mediante proba.

OFERTA EDUCATIVA DOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MÚSICA

CENTRO	ESPECIALIDADES		
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe	▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba	▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello ▪ Clave
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE LUGO	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe	▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba	▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe	▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba	▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello ▪ Acordeón ▪ Clave ▪ Gaita ▪ Órgano
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE PONTEVEDRA	▪ Acordeón ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta Traveseira ▪ Guitarra	▪ Oboe ▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa	▪ Trompeta ▪ Tuba ▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE FERROL	▪ Acordeón ▪ Arpa ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta Traveseira ▪ Guitarra	▪ Oboe ▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta	▪ Tuba ▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello
CONSERVATORIO	▪ Canto	▪ Percusión	▪ Viola

CENTRO	ESPECIALIDADES		
PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO	▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta Traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe	▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba	▪ Violín ▪ Violoncello
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIGO	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta Traveseira ▪ Gaita ▪ Guitarra	▪ Oboe ▪ Percusión ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta	▪ Tuba ▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello



Poden ser de carácter regrado ou non regrado. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios e centros autorizados de danza (estes de titularidade privada). Divídense en tres graos:

- **Elemental:** Non existen especialidades, ofrecese unha formación básica. A duración dos estudos é de catro anos. O **Título** é **Certificado de Estudos Elementais**.
- **Profesional:** Existen catro especialidades: Danza clásica, Danza española, Danza contemporánea e Baile Flamenco. A duración dos estudos é 6 anos. O **Título** é de **Grao Profesional** na especialidade cursada.

O **acceso de admisión** ao Grao Elemental/Profesional é mediante proba.

OFERTA EDUCATIVA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

CENTRO	ESPECIALIDADE
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA CORUÑA	▪ Danza Clásica
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO	▪ Danza Clásica ▪ Danza Contemporánea



As Ensinanzas de **Artes Plásticas e Deseño** organízanse en:

- **Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.** Estas ensinanzas estrutúranse en ciclos de formación profesional.

O **requisito de acceso para o Grao Medio** destas ensinanzas é o Título de Graduado en ESO ou equivalente aos efectos académicos e superar unha proba específica. O alumnado que non cumpra os

requisitos académicos para o acceso directo pode acceder tamén -unha vez cumpridos os 17 anos- tras superar unha **proba de madurez** ademais da citada proba específica.

Están **exentos/as de realizar a proba específica de acceso a Grao Medio** das Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño, os que estean en posesión do Título de Técnico ou Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar nas súas diferentes especialidades ou títulos declarados equivalentes, o Título de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, a Licenciatura en Belas Artes, Arquitectura e Enxeñería Técnica en Deseño Industrial. Así mesmo estarán exentos/as de realizar a proba específica de acceso quen acredite ter **experiencia laboral** de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder (para máis información, consúltese a **Resolución do 30 de maio de 2017** / DOG do 9 de xuño, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa).

OFERTA EDUCATIVA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO - A CORUÑA

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS GRAO MEDIO
Artes Aplicadas á Escultura	Dourado e Policromía Artísticos
Cerámica Artística	Oferta modular: Taller Cerámico I
	Oferta modular: Taller Cerámico II

OFERTA EDUCATIVA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO MESTRE MATEO SANTIAGO DE COMPOSTELA

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS GRAO MEDIO
Xoiería Artística	Ensinanza modular do CF en procedementos de Xoiería artística: - Taller de xoiaría - 1º curso - Taller de xoiaría - 2º curso

OFERTA EDUCATIVA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN – LUGO

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS GRAO MEDIO
Artes Aplicadas ao Libro	Ciclo Medio Serigrafía Artística
Artes Aplicadas á Escultura	Oferta modular: Taller de Talla Artística en Madeira
	Oferta modular: Taller de Ebanistería

OFERTA EDUCATIVA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DISEÑO ANTONIO FAÍLDE – OURENSE

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS GRAO MEDIO
Artes Aplicadas á Escultura	Ciclo Medio Ebanistería Artística

ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO MEDIO



Están dirixidas á obtención dos títulos oficiais de **Técnico Deportivo** e de Técnico Deportivo Superior. As ensinanzas deportivas organízanse en Graos: **Medio e Superior**.

As Ensinanzas Técnico Deportivas de **Grao Medio** estrutúranse en dous ciclos:

- Ciclo inicial de grao medio (primeiro nivel).
- Ciclo final de grao medio (segundo nivel).

Para acceder ao Grao Medio será necesario ter o Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (opción de ensinanzas académicas ou aplicadas) ou equivalente para os efectos académicos e superar unha **proba de carácter específico**. Para o acceso ao **segundo nivel** de Grao Medio hai que ter superados os estudos do primeiro nivel na correspondente modalidade ou especialidade deportiva. O alumnado que non dispoña do Título de Graduado en ESO ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter **17 anos** cumpridos e superar unha **proba de madurez** ademais da correspondente proba específica. A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou de artes plásticas e deseño, ou a de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

No caso de determinadas modalidades ou especialidades, será ademais requisito necesario a superación dunha proba realizada polas Administracións Educativas, ou acreditar un mérito deportivo nos que se demostre ter as condicións necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

En canto aos **prazos** de inscrición e matrícula así como as **datas** de desenvolvemento das probas e outras informacións de interese, pódese consultar a **Resolución do 5 de xuño de 2017** / DOG do 14 de xuño, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

CENTROS PÚBLICOS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO MEDIO

CENTROS	ESPECIALIDADE
IES Universidade Laboral. Culleredo/A Coruña.	Fútbol
IES “Sánchez Cantón”. Pontevedra.	Fútbol e Balonmán

CIFP “A Farixa”. Ourense.	Fútbol Sala
IES “Nosa Sra. dos Ollos Grandes”. Lugo.	Atletismo
IES “Río Cabe”. Monforte de Lemos.	Fútbol
IES “Fermín Bouza Brey”. Vilagarcía de Arousa.	Baloncesto
IES “As Barxas” . Moaña.	Atletismo
IES “Fermín Bouza Brey”. Vilagarcía de Arousa.	Vela con aparello fixo e aparello libre

CENTROS PRIVADOS AUTORIZADOS QUE IMPARTEN E. DEPORTIVAS DE GRAO MEDIO

CENTROS	ESPECIALIDADE
CADF. Real Club Deportivo da Coruña.	Fútbol
CADF. Federación Galega de Fútbol da Coruña.	Fútbol
Federación Galega de Fútbol Sala. A Coruña.	Fútbol Sala
CPR “Santa Apolonia”. Santiago de Compostela.	Vela con Aparello Fixo. Vela co Aparello Libre. Hípicas de Salto, Doma e Concurso Completo. Hípicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre.
CPR “Liceo La Paz”. A Coruña.	Fútbol Sala
Centro “Cemar”. Mondariz - Balneario.	Hípicas de Salto, Doma e Concurso Completo. Hípicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre.
Centro autorizado / Acadef - Vigo	Fútbol.
Centro de Iniciativas Profesionais CIP. Vigo.	Fútbol.

Centro autorizado / Cenade - Vigo.	Fútbol.
Centro de Enseñanzas Deportivas / COEN Centros de Formación, en Pontevedra.	Fútbol.
Centro de Enseñanzas Deportivas / COEN Centros de Formación, en Vigo.	Fútbol.
Centro Autorizado de Enseñanzas Deportivas Montecastelo de Vigo	Fútbol.

ENSINANZAS PARA PERSOAS ADULTAS

Aqueles alumnos que non obteñan o Título de Graduado en Educación Secundaria no seu centro educativo poden intentar conseguilo nun centro de educación de adultos. Existen dúas opcións:

A) Modalidade Presencial

Estas ensinanzas están destinadas ao alumnado de 18 anos, sen ningunha titulación ou alumnos maiores de 16 que acrediten a súa condición de traballadores.

Poderán realizarse, con carácter xeral, en dous cursos académicos. Pero poderá permanecerse o tempo que se precise para a adquisición dos coñecementos establecidos.

A Educación Secundaria para persoas adultas (etapa das ensinanzas de graduado en educación secundaria: niveis I e II) son ensinanzas equivalentes ás ensinanzas obrigatorias de Educación Secundaria. Organízanse en **tres campos de coñecemento**, que se estruturan á súa vez en **módulos**, de **duración cuadrimestral**. A **matrícula**, para os módulos 1 e 3, é na primeira quincena do mes de setembro e, para os módulos 2 e 4, na segunda quincena do mes de xaneiro.

Ao remate do nivel II, expedirase o Título de Graduado en Educación Secundaria a todas aquelas persoas que acaden os obxectivos xerais establecidos. Cando non se rematen os estudos correspondentes á educación secundaria obrigatoria, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten os niveis e módulos cursados así como a cualificación obtida.

Estas ensinanzas poderán seguirse en todos os centros específicos de educación de adultos e nos institutos de educación secundaria autorizados.

B) Modalidade a Distancia

As ensinanzas a distancia poderán impartirse con apoio de titorías presenciais, denominándose entón educación secundaria para persoas adultas **a distancia semipresencial**; ou con apoio de titorías telemáticas, designándose neste caso como educación secundaria para persoas adultas a distancia de forma telemática.

Con carácter excepcional, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula simultánea nas modalidades presencial e a distancia, en ámbitos diferentes e no mesmo centro, cando a algún alumno non lle sexa posible asistir a todas as xornadas lectivas dos ámbitos correspondentes por razóns da organización do horario do centro ou por razóns persoais xustificadas.

CADRO EQUIVALENCIAS VALIDACIÓN DAS MATERIAS DA ESO COS MÓDULOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

1º ESO		Módulo 1	
Materias	Alumnado que superou: Matemáticas e Ciencias da Natureza	Científico/tecnolóxico	Ámbito
	Alumnado que superou: Lingua Galega e literatura, Lingua Castelá e literatura e primeira ou segunda lingua estranxeira	Comunicación	
	Alumnado que superou: Ciencias sociais, Xeografía e Historia	Sociedade	

2º ESO		Módulo 2	
Materias	Alumnado que superou: Matemáticas e Ciencias da Natureza, Tecnoloxías	Científico/tecnolóxico	Ámbito
	Alumnado que superou: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e primeira ou segunda Lingua estranxeira	Comunicación	
	Alumnado que superou: Ciencias sociais, Xeografía e Historia e Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	Sociedade	

3º ESO		Módulo 3	
Materias	Alumnado que superou: Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e química e Tecnoloxías	Científico/tecnolóxico	Ámbito
	Alumnado que superou: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e primeira ou segunda Lingua estranxeira	Comunicación	
	Alumnado que superou: Ciencias sociais, Xeografía e Historia	Sociedade	

4º ESO		Módulo 4	
Materias	Alumnado que superou: Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxías	Científico/tecnolóxico	Ámbito
	Alumnado que superou: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e primeira ou segunda Lingua estranxeira	Comunicación	
	Alumnado que superou: Ciencias sociais, Xeografía e Historia	Sociedade	

OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA MEDIANTE PROBA

¿A quen van dirixidas?

Pódense presentar a estas probas todas as **persoas que teñan cumpridos 18 anos** o día anterior á data na que se celebren as probas. Non existen excepcións a esta regra, nin por motivos laborais nin por motivos de calquera outra índole.

As persoas que, con esa idade, estean matriculadas na educación secundaria obrigatoria (ESO) ou na educación secundaria para persoas adultas, deberán renunciar ao dereito de seren avaliadas por esa matrícula oficial se desexan presentarse ás probas.

¿Como son as probas?

As probas están estruturadas en **tres ámbitos**:

- ❑ **Ámbito da comunicación:** inclúe probas específicas correspondentes á Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Lingua estranxeira.
Nos exames de Lingua castelá e galega, o aspirante deberá demostrar a súa madurez para comprender, analizar e sintetizar textos escritos, e a súa capacidade para expresarse libremente. Por esta razón, o tribunal propoñerlle un tema de redacción en ambas linguas para que o desenvolva persoalmente.
- ❑ **Ámbito científico/tecnolóxico:** inclúe probas específicas de Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (contidos de Xeoloxía, Bioloxía, e Física e química).
- ❑ **Ámbito social:** inclúe contidos correspondentes fundamentalmente a Xeografía e historia, con algunha cuestión concreta de Música e de Educación plástica e visual.

¿Como se cualifican?

A persoa aspirante recibirá unha única cualificación para cada ámbito. Isto quere dicir que, por exemplo, no ámbito lingüístico, non recibirá unha cualificación para lingua castelá, outra para lingua galega e unha terceira para lingua estranxeira, senón unha cualificación global para todo o ámbito.

¿Cando se convocan e celebran?

As **datas** exactas de realización das probas e de **inscrición**, así como os **lugares** onde se fagan os exames, aparecen detallados na Resolución do 9 de xaneiro de 2018 (DOG do 23 de xaneiro) pola que se convocan estas probas. Deste xeito, os exames da **convocatoria de maio** realizaranse o **día 25** do citado mes de maio (prazo de matrícula do **12 ao 23 de marzo** de 2018) e, os da **convocatoria de setembro** o **día 7** de setembro (prazo de matrícula do **2 ao 9 de xullo** de 2018).

ESTUDOS ANTERIORES VALIDABLES PARA AS PROBAS LIBRES DE ESO

Como norma xeral, son **validables** aqueles estudos que equivalen a algún ámbito completo das probas. Isto significa que non poden darse por superadas materias illadas se non se corresponden coas que integran un ámbito. Os estudos realizados e superados na ESO, na Educación Secundaria para Persoas Adultas e nos módulos voluntarios dos PCPI (programas de cualificación profesional inicial) teñen a correspondente validación.

>>> Cadro de **equivalencias** para as persoas que proceden dos estudos da **educación secundaria obrigatoria** (ESO):

Cualificación positiva nestas áreas de 4º ESO	Equivalencia cos ámbitos da proba
Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, primeira ou segunda Lingua estranxeira	Ámbito da Comunicación
Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (ou Física e Química, máis Bioloxía e Xeoloxía)	Ámbito Científico/Tecnolóxico.
Ciencias sociais, Xeografía e Historia	Ámbito Social

>>> Cadro de **equivalencias** para as persoas que realizaron estudos de **educación secundaria para persoas adultas**:

Cualificación positiva nestes ámbitos da educación secundaria para persoas adultas	Equivalencia cos ámbitos da proba
Cuarto módulo do ámbito de Comunicación	Ámbito da Comunicación
Cuarto módulo do ámbito Tecnolóxico/Matemático e cuarto módulo do ámbito da Natureza (LOXSE) Cuarto módulo do ámbito Científico/Tecnolóxico (LOE)	Ámbito Científico/Tecnolóxico.
Cuarto módulo do ámbito de Sociedade	Ámbito Social

>>> As persoas que teñen aprobadas algunhas áreas das probas para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria -celebradas con anterioridade- manteñen as cualificacións positivas obtidas nesas probas.

EQUIVALENCIAS DE ESTUDOS

1. EQUIVALENCIAS a EFECTOS ACADÉMICOS de TÍTULOS da LEI de 1970 e ANTERIORES cos TÍTULOS actualmente vixentes

ESTUDOS ou TÍTULOS da Lei / 1970	TÍTULOS actualmente vixentes	Soporte legal
Título de Técnico Auxiliar.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	LOE 2006. Disposición adicional 31ª.
Título de Técnico Especialista.	<i>Técnico Superior</i>	LOE 2006. Disposición adicional 31ª.
Estudos de 1º e 2º de BUP cun máximo de dúas materias non superadas no conxunto dos dous cursos.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Orde EDU/1603/2009. BOE do 17 de xuño.
Seis cursos completos de Humanidades e un de Filosofía, ou cinco de Humanidades e dous de Filosofía da carreira eclesiástica .	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Orde EDU/520/2011. BOE do 14 de marzo.
Curso Preuniversitario/Lei de 26 de febreiro de 1953.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/520/2011. BOE do 14 de marzo.
Mestre ou Mestra de Ensinanza Primaria.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/520/2011. BOE do 14 de marzo.

2. EQUIVALENCIAS a EFECTOS ACADÉMICOS de ESTUDOS PARCIAIS regulados pola Lei Xeral de Educación de 1970 cos estudos actualmente vixentes

ESTUDOS da LEI de 1970	Estudos actuais	Soporte legal
7º de EXB	<i>1º de ESO</i>	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE (BOE do 25 de xuño /1991).
8º de EXB	<i>2º de ESO</i>	Ídem
8º de EXB cursado e Certificado de Escolaridade.	<i>2º de ESO</i>	Ídem
1º de BUP ou 1º de FP1	<i>3º de ESO</i>	Ídem
2º de BUP ou 2º de FPI e Técnico Auxiliar.	<i>4º de ESO</i>	Ídem
3º de BUP e Título de Bacharelato ou 3º de FP2 (réxime de ensinanzas especializadas) ou 2º de FP de 2º Grao (réxime xeral).	<i>1º de Bacharelato</i>	Ídem
COU	<i>2º de Bacharelato</i>	Ídem
Certas materias de 2º de BUP	<i>Certos ámbitos da proba libre de Graduado en ESO</i>	Orde de 19/12/2009, pola que se regulan as probas libres ESO (DOG 04/03/2009).

3. EQUIVALENCIAS a EFECTOS LABORAIS de TÍTULOS da LEI de 1970 cos TÍTULOS actualmente vixentes

ESTUDOS ou TÍTULOS da Lei / 1970	TÍTULOS actualmente vixentes	Soporte legal
----------------------------------	------------------------------	---------------

Graduado Escolar.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	LOE 2006. Disposición adicional 31ª.
Título de Bacharelato (BUP).	<i>Título de Bacharelato</i>	LOE 2006. Disposición adicional 31ª.

4. EQUIVALENCIAS entre PROBAS DE ACCESO, ESTUDOS ANTERIORES a 1970 e TÍTULOS ACADÉMICOS ANTIGOS, cos TÍTULOS DA LOE/2006 a EFECTOS EXCLUSIVAMENTE LABORAIS

ESTUDOS ANTIGOS	Título actual LOE	Base legal
Bacharelato Elemental ou catro cursos de calquera Bacharelato extinguido.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Orde EDU/1603/2009 (BOE 17/06/09).
Cinco anos de Bacharelato Técnico ou laboral , sen proba de conxunto ou sen Reválida.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
Catro cursos completos de Humanidades da carreira eclesiástica .	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
Certificado de Estudos Primarios derivado da Lei 17/07/1945, de Educación Primaria , e da Lei 21/12/1965, de Reforma da Educación Primaria .	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Orde EDU/520/2011 (BOE 14/03/11).
Acreditar , ante o órgano competente da Comunidade Autónoma, ter reunido no seu día as condicións para obter o Certificado de Estudos Primarios .	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
A superación da proba de acceso á Formación Profesional de Grao Medio , ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de Grao Medio ou ás Ensinanzas Deportivas de Grao Medio , sempre que se teñan aprobadas todas as materias dos dous primeiros cursos da ESO ou o Nivel I da ESA ou se teña superado a metade da duración total do ciclo formativo.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
A superación da proba de acceso ás Ensinanzas Artísticas Superiores para maiores de 19 anos , sempre que se teñan aprobadas todas as materias dos dous primeiros cursos da ESO ou o Nivel I da ESA ou 10 créditos ECTS.	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
A superación da proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos .	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem
A superación da proba de acceso á Formación Profesional de Grao Superior , ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de Grao Superior ou ás Ensinanzas Deportivas de Grao Superior , sempre que se teñan aprobadas todas as materias dos dous primeiros cursos da ESO ou o Nivel I da ESA ou se teña superado un terzo da	<i>Graduado en Educación Secundaria</i>	Ídem

duración total do ciclo formativo.		
A superación da proba de acceso á Formación Profesional de Grao Superior , ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de Grao Superior ou ás Ensinanzas Deportivas de Grao Superior sempre que se posúa o Título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente académico.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/1603/2009 (BOE 17/06/09). Artigo 4.1
A superación da proba de acceso ás Ensinanzas Artísticas Superiores para maiores de 19 anos , estando en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria, dos mencionados no Artigo 3 da Orde EDU/1603/2009 ou se cursaron 15 créditos ECTS das ensinanzas artísticas superiores.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/1603/2009 (BOE 17/06/09). Artigo 4.2
A superación da proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos , estando en posesión do Título de Graduado en ESO ou equivalente a efectos académicos ou profesionais, ou despois de haber cursado 15 créditos ECTS de estudos universitarios.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/520/2011 (BOE 14/03/11), apartado 3.
Estudos parciais dalgún Bacharelato anteriores á LOXSE de 1990, a excepción do Bacharelato Elemental, sempre que se tivese pendente a superación da Reválida de Grao Superior ou un máximo de dúas materias non superadas do correspondente Bacharelato.	<i>Título de Bacharelato</i>	Orde EDU/1603/2009 (BOE 17/06/09).

5. EQUIVALENCIAS entre ESTUDOS ANTERIORES a 1970 e TÍTULOS ACADÉMICOS ANTIGOS cos TÍTULOS DA LEI 1970, A EFECTOS EXCLUSIVAMENTE LABORAIS

ESTUDOS anteriores á Lei Xeral de Educación de 1970	Equivalencias con estudos ou Títulos da LEI de 1970	Soporte legal
Certificado de Escolaridade (regulado nos anos 1945, 1965, 1967 ou na Lei 14/1970).	<i>Graduado Escolar</i>	Orde ECD/1417/2012 (BOE 30/06/12).
Formación Profesional de 1º Grao.	<i>Graduado Escolar</i>	Orde do 26 de novembro de 1975 (BOE do 2 de decembro).
Formación Profesional de 2º Grao.	<i>Título de Bacharelato</i>	Ídem
Estudos Eclesiásticos: seis cursos de Humanidades e dous de Filosofía.	<i>Título de Bacharelato</i>	Ídem

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO

¿A quen van dirixidas?

Pódense presentar a estas probas as **persoas maiores de 20 anos** ou que cumpran esa idade no ano natural en que se vai realizar a proba e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Non estar en posesión do Título de Bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
2. Non estar cursando ensinanzas de bacharelato **en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado** nesas ensinanzas no curso escolar en que se realicen as probas.

Estrutura da proba

A proba organizarase de xeito diferenciado segundo as modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais e constará de **dous exercicios**. **O primeiro deles** dedicado ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II e ás materias xerais do bloque de materias troncais. **O segundo** versará sobre as materias xerais propias e as materias troncais correspondentes a cada modalidade e itinerario.

O **primeiro exercicio** -común para as dúas modalidades- comprenderá as seguintes materias:

- ☐ Lingua Galega e Literatura I e II (**primeira parte**).
- ☐ Lingua Castelá e Literatura I e II (**segunda parte**).
- ☐ Primeira Lingua Estranxeira I e II (**terceira parte**).
- ☐ Materias de Filosofía e Historia de España (**cuarta parte**, resposta por escrito a unha serie de cuestións relativas aos contidos destas materias).

O **segundo exercicio**, diferente para cada unha das modalidades. Estruturarase en **tres partes**:

- ☐ Na **primeira parte**, realizaranse as probas das **materias troncais xerais de cada modalidade**. Para a **modalidade de Ciencias**, Matemáticas I e II; para **Humanidades e Ciencias Sociais** -segundo o itinerario escollido- realizaranse as probas de Latín I e II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II.
- ☐ Na **segunda parte**, probas das **materias troncais de opción**. Para a **modalidade de ciencias**, a persoa aspirante escollerá unha entre as seguintes opcións: Física e Química e Física, Física e Química e Química ou Debuxo Técnico I e II. Para a **modalidade e itinerarios de Humanidades e Ciencias Sociais**, a persoa aspirante seleccionará unha opción entre Economía e Economía da Empresa ou Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía.
- ☐ Na **terceira parte** realizaranse as seguintes probas de **materias troncais de opción de modalidade**. Na **modalidade de Ciencias**, a persoa aspirante elixirá unha opción entre Bioloxía e Xeoloxía e Bioloxía ou Bioloxía e Xeoloxía e Xeoloxía. Para a **modalidade e itinerarios de Humanidades e**

Ciencias Sociais, a persoa aspirante seleccionará unha opción entre as materias de Grego I e II, Literatura Universal e Historia da Arte ou Literatura Universal e Historia da Filosofía.

Corrección e cualificación da proba

A cualificación de cada unha das partes que conforman os exercicios, protocolos das probas e os criterios de cualificación serán elaborados pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, segundo o regulado na normativa vixente (Orde do 22 de decembro de 2016 / **DOG do 5 de xaneiro de 2017**).

Superación parcial da proba

- As persoas aspirantes que teñan superadas as materias de Lingua Galega e Literatura I e II, Lingua Castelá e Literatura I e II, Primeira Lingua Estranxeira I e II, Filosofía e Historia de España, terán validado o primeiro exercicio.
- As persoas aspirantes que teñan superadas as materias de Matemáticas I e II na modalidade de Ciencias, as materias Latín I e II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e as materias de Fundamentos da Arte I e II na modalidade de Artes, así como outras catro materias troncais de opción (das que tres deberán ser da modalidade e itinerario elixidos) terán validado o segundo exercicio.
- As persoas aspirantes que estean en posesión do **Título Profesional de Música ou de Danza** terán validado o segundo exercicio. Neste caso, o alumnado que validase este exercicio de materias de modalidade -por posuír o citado Título Profesional de Música ou de Danza- será proposto para a obtención do Título de Bacharel na modalidade de Artes.
- As persoas aspirantes que teñan superadas seis materias de modalidade cursadas de acordo co establecido no Decreto 231/2002 polo que se modifica o Decreto 275/1994, ou cursadas de acordo co establecido no Decreto 275/1994, do 29 de xullo, terán validado o segundo exercicio, sempre e cando entre esas materias se atopen as materias de Matemáticas I e II para a modalidade de Ciencias; as materias de Latín I e II ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I e II, segundo o itinerario escollido para a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e as materias de Fundamentos da Arte I e II para a modalidade de Artes.

¿Cando se convocan e celebran?

As **datas** exactas de realización das mesmas e de **matriculación**, así como os **lugares** onde se fan os exames, aparecen detallados na Resolución do 9 de xaneiro de 2018 (DOG do 23 de xaneiro). Así -no presente **ano 2018**- o **prazo de presentación das solicitudes** será entre os días 23 de febreiro e o 9 de marzo de 2018 e a realización da **proba** terá lugar o día 20 de abril de 2018, no IES San Clemente de Santiago de Compostela. Para máis información, véxase a **Orde do 22 de decembro de 2016** (DOG do 5 de xaneiro de 2017) pola que se regula esta proba para maiores de 20 anos.

PROBAS para a OBTENCIÓN dos TÍTULOS de TÉCNICO e de TÉCNICO SUPERIOR de CICLOS FORMATIVOS de FORMACIÓN PROFESIONAL

¿A quen van dirixidas?

Pódense presentar a estas probas as **persoas maiores de 18 anos** para optar aos **Títulos de Técnico** e as **persoas maiores de 20 anos** para optar aos **Títulos de Técnico Superior ou maiores de 19 anos** -no caso de posuír o Título de Técnico- e que cumpran os seguintes requisitos:

1. **Non estar en posesión dun Título de FP** declarado equivalente ao correspondente Título de FP establecido ao abeiro da LOE 2/2006, do 3 de maio, obxecto da proba.
2. Con carácter xeral, **non estar matriculado/a** en ciclos formativos de FP **nin ter causado baixa** no correspondente curso académico. Excepcionalmente no caso de que haxa vacantes, logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder á realización das probas as persoas matriculadas polo réxime de persoas adultas para a superación dos módulos profesionais do mesmo ciclo formativo, sempre que os teñan suspensos de cursos académicos anteriores e non se atopen matriculados neles no curso académico de realización da proba.
3. Ter algunha das **condicións de acceso** aos ciclos formativos aos que aspiran, para acadar a correspondente Titulación. **Se houbera vacantes**, logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder á realización das probas dos **módulos profesionais asociados a unidades de competencia**, as **persoas adultas** que **-sen cumprir as condicións de acceso-** teñan acreditada unha **experiencia laboral** equivalente ao traballo a tempo completo de **dous anos** en actividades relacionadas co sector profesional do ciclo formativo correspondente.

Estrutura da proba

As persoas aspirantes serán convocadas para a **xornada de acollemento** e para cada unha das partes da proba de cada módulo profesional, en único chamamento, sendo **obrigatoria a súa asistencia**.

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional, levarase a cabo a través da realización das **dúas partes da proba**, pola persoa aspirante, ante o profesor ou a profesora do correspondente módulo:

- ❑ **Primeira parte:** terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba, de cero a dez puntos. Para superala deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- ❑ **Segunda parte.** Os aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de

avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba, de cero a dez puntos. Para superala deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

- ❑ A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Certificación e Titulación

- Aquelas persoas que superen módulos profesionais a través das probas libres, terán dereito a que se lles expida un **certificado académico dos módulos profesionais superados**, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de **acreditación parcial acumulable** das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- As persoas interesadas que teñan **superados todos os módulos profesionais** de centro educativo dun determinado ciclo formativo -logo da realización das probas libres- e **que ademais superen o módulo de FCT** ou sexan eximidas del e o **módulo de Proxecto** (no caso dos ciclos formativos de Grao Superior), poderán solicitar a expedición do correspondente **Título**. Nestes casos, os centros educativos realizarán a proposta de Título polo réxime de “proba libre”.

Convocatoria, prazo e calendario de desenvolvemento da proba

Realizarase unha **convocatoria anual** en todos os centros públicos de FP autorizados, naqueles módulos profesionais que contén con alumnado matriculado no curso académico correspondente. Así mesmo poderanse realizar convocatorias de probas específicas, de carácter extraordinario, en datas e/ou lugares diferentes. Con carácter xeral, o **prazo de presentación de solicitudes** será durante **os derradeiros dez días hábiles do mes de abril**, en calquera dos centros que teñan oferta de probas libres. Existe un baremo para a admisión das prazas ofertadas. As persoas seleccionadas deberán **matricularse**, naqueles módulos que desexen, no **mes de maio** e no prazo máximo de tres días hábiles dende a publicación da relación definitiva das persoas admitidas a cada ciclo. As **probas realizaranse no mes de xuño**. Para máis información, véxase a **Orde do 5 de abril de 2013** (DOG do 16 de abril).

OBSERVACIÓN

- Existe tamén unha convocatoria de **probas libres de títulos extinguidos da LOXSE**. Véxase a **Orde do 8 de maio de 2015** (DOG do 19 de maio). O prazo de presentación de solicitudes para a **primeira convocatoria** é do 7 ao 17 de xullo de 2015 e, para a **segunda convocatoria** do **6 ao 16 de maio de 2016**.

PROBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO

¿A quen van dirixidas?

A estas probas pódense presentar, todas aquelas persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao medio e teñan cumpridos **17 anos** ou os cumpran no ano natural de celebración da proba.

ESTRUTURA e ORGANIZACIÓN

Grao Medio	
Parte sociolingüística	A proba organízase en tres partes: >> Lingua Castelá. >> Lingua Galega. >> Ciencias Sociais
Parte matemática	Unha única proba: Matemáticas
Parte científico/técnica	Organízase en dúas probas: >> Ciencias da Natureza >> Tecnoloxía

EXENCIÓNS

>>> A solicitude de exencións parciais da proba deberase formular no momento da inscrición. As persoas que teñan algunha das circunstancias para ter a exención total da proba poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos sen necesidade de inscribirse nas probas de acceso.

Grao Medio

Exención da totalidade da proba de acceso, acreditando algunha das seguintes circunstancias:

- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de Grao Superior de Formación Profesional Inicial, de Ensinanzas Deportivas ou de Artes Plásticas e Deseño.
- Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de Grao Medio de Ensinanzas Deportivas, ou de Artes Plásticas e Deseño.

>>> Estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio, presentando directamente o certificado acreditativo na secretaria do centro correspondente.

Exención da parte sociolingüística da proba, acreditando:

- Superación dos módulos profesionais de Comunicación e Sociedade I e II dun título de Formación Profesional Básica.
- Superación dos ámbitos Social e de Comunicación dun Programa de Cualificación Profesional Inicial ou do nivel II de Educación Secundaria para Persoas Adultas .

Exención da parte matemática e da parte científico/técnica da proba, acreditando:

- Superación dos módulos profesionais de Ciencias Aplicadas I e II dun título de Formación Profesional Básica.
- Superación do ámbito científico/tecnolóxico dun Programa de Cualificación Profesional Inicial ou do nivel II de Educación Secundaria para Persoas Adultas

Exención da parte científico/técnica, acreditando algunha das seguintes circunstancias:

- Superación dos módulos profesionais relacionados co perfil profesional dun título de Formación Profesional Básica (agás o módulo de FCT e os módulos asociados aos bloques comúns).
- Quen superase os módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de formación en centros de traballo) dun PCPI.
- Dispor dun Certificado de Profesionalidade de calquera nivel.
- Acreditación como mínimo dun ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase.

>>> PARA MÁIS INFORMACIÓN ...

Consúltase a **Orde do 22 de xaneiro de 2018 (DOG do 8 de febreiro de 2018)**, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de **grao medio e de grao superior** de formación profesional do sistema educativo para o ano 2018.

**Opcións académicas
e profesionais
ao remate do Bacharelato**

CO TÍTULO DE BACHARELATO

- Estudos Universitarios de Grao (coas PAU superadas).
- Formación Profesional Específica de Grao Superior.
- Ensinanzas de Réxime Especial.
- Oposicións:
 - Función pública (Grupo C1).
 - Carreira Militar.
 - Policía Nacional ou Local (18 anos e probas específicas).
- Outras.

SEN O TÍTULO DE BACHARELATO

- Formación Profesional Específica de Grao Medio.
- Educación para Persoas Adultas.
- Obtención do Título de Bacharelato, mediante proba libre, para persoas maiores de 20 anos.
- Incorporación ao mundo laboral.
- Acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior mediante proba (para persoas maiores de 19 anos)
- Oposicións:
 - Función Pública (Grupo C2)
 - Garda Civil. Escala básica (18 anos, título ESO e probas selectivas).
 - Militar Profesional de Tropa e Mariñeiría.
 - Outras.

A FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

O proceso de adaptación e cambio como consecuencia da implantación da **Lei Orgánica de Educación** (LOE, 2/2006) e da **Lei Orgánica 8/2013** (LOMCE)- leva consigo, entre outras cousas, a modificación nos currículos dos Títulos de Formación Profesional, a creación de novos títulos asociados á novas familias profesionais e outros aspectos normativos.

¿Que novidades podemos atopar cos novos títulos de FP?

- Ampliación na **duración** de todos os Títulos a **2000 horas** para lograr unha maior especialización.
- Aparición de **novos ciclos formativos** e de **catro novas familias profesionais**:
 - *Enerxía e auga*
 - *Industrias extractivas*
 - *Seguridade e medio ambiente*
 - *Artes e artesanías*
- **Equiparación da titulación** coas do resto dos países da **Unión Europea**.
- Dotación nos ciclos formativos do certificado de **prevención de riscos laborais** de nivel básico e do **carné profesional**, cando o requira a profesión.
- **Acceso a calquera estudo universitario** desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior. Tendo en conta que, a Universidade marcará criterios de prioridade en función do número de prazas existentes.
- **Validación** dos estudos de Formación Profesional de Grao Superior por créditos universitarios (segundo o caso validaranse de 60 a 120 ECTS).

FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

* Os ciclos sinalados con asterisco son Títulos LOXSE.



Actividades Físicas e Deportivas

* CS Animación de actividades físicas e deportivas (**duración: 2.000 horas**).



Administración e xestión

CS Administración e finanzas.

CS Asistencia á dirección.



Agraria

CS Gandaría e asistencia en sanidade animal.

CS Paisaxismo e medio rural.

CS Xestión forestal e do medio natural.



Artes e artesanía



Artes Gráficas

CS Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.

CS Deseño e xestión da produción gráfica.



Comercio e Márketing

CS Comercio internacional.

CS Transporte e loxística.

CS Márketing e publicidade.

CS Xestión de vendas e espazos comerciais



Edificación e Obra Civil

CS Proxectos de edificación.

CS Proxectos de obra civil.

CS Organización e control de obras de construción.



Electricidade e Electrónica

- CS Sistemas electrotécnicos e automatizados.
- CS Mantemento electrónico.
- CS Automatización e robótica industrial.
- CS Sistemas de telecomunicación e informáticos.



Enerxía e auga

- CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
- CS Enerxías renovables.



Fabricación Mecánica

- CS Construcións metálicas.
- CS Deseño en fabricación mecánica.
- CS Programación da produción en fabricación mecánica.
- CS Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.



Hostalería e Turismo

- CS Axencias de viaxes e xestión de eventos.
- CS Guía, información e asistencias turísticas.
- CS Dirección de cociña.
- CS Dirección de servizos de restauración.
- CS Xestión de aloxamentos turísticos.



Industrias extractivas



Imaxe e Son

- CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
- CS Produción de audiovisuais e espectáculos.
- CS Iluminación, captación e tratamento da imaxe.
- CS Son para audiovisuais e espectáculos.
- CS Animación 3D, xogos e contornos interactivos.



Imaxe Persoal

- CS Asesoría de imaxe persoal e corporativa.
- CS Estética integral e benestar.
- CS Estilismo e dirección de peiteado.



Industrias Alimentarias

CS Procesos e calidade na industria alimentaria.

CS Vitivinicultura.



Informática e comunicacións

CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

CS Administración de sistemas informáticos en rede.

CS Desenvolvemento de aplicacións web.



Instalación e mantemento

CS Mecatrónica industrial.

CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.

CS Mantemento en instalacións térmicas e de fluídos.

* CS Prevención de riscos profesionais (**duración: 2.000 horas**).



Madeira, moble e cortiza

CS Deseño e amoblamento.



Marítimo pesqueira

CS Acuicultura.

CS Transporte marítimo e pesca de altura.

CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.



Química

* CS Química ambiental (**duración: 1.400 horas**).

CS Laboratorio de análise e de control de calidade.

CS Química industrial.



Sanidade

CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.

* CS Saúde ambiental (**duración: 2.000 horas**).

* CS Dietética (**duración: 2.000 horas**).

CS Documentación e administración sanitarias.

CS Hixiene bucodental.

CS Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

CS Laboratorio clínico e biomédico.

CS Próteses dentais.

CS Radioterapia e dosimetría.

CS Audioloxía protésica.



Seguridade e medio ambiente

CS Educación e control ambiental.



Servizos socioculturais e á comunidade

CS Animación sociocultural e turística.

CS Integración social.

CS Mediación comunicativa.

CS Educación infantil.

CS Promoción de igualdade de xénero.



Téxtil, confección e pel

CS Patronaxe e moda.



Transporte e mantemento de vehículos

CS Mantemento aeromecánico

CS Automoción.



Vidro e cerámica

Solicitud de admisión

- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo ao ciclo formativo de grao superior e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De facelo, excluíriase do proceso de admisión.
- Presentar -en prazo- **unha única solicitude** que se pode xerar vía Web, en **calquera centro público** de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional. Prazo ordinario (curso 2017/2018): **do 26 de xuño ao 4 de xullo ás 13:00 horas**. Neste prazo unicamente presentará solicitudes de admisión a grao superior, o alumnado que cumpra os requisitos de acceso ao ciclo (acceso directo por ter a titulación requirida ou mediante proba).
- Cando non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, para acceder a ciclos formativos de grao superior, terá prioridade o alumnado que:

- Curse a modalidade de bacharelato que se determine para cada ciclo formativo coas materias vinculadas a el.
- Curse a modalidade de bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo formativo.
- Curse algunha das modalidades de bacharelato distintas das establecidas nos parágrafos anteriores.
- Alumnado con título de bacharelato unificado (BUP).
- Dispoña do título de técnico superior ou equivalente.
- Dispoña dunha titulación universitaria ou equivalente.

- ❖ Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a **orde de prioridade** virá determinada por:
 - Maior **nota media** no expediente académico en relación á titulación académica de acceso.
 - Maior nota ou maior nota media nas materias vinculadas.
- No caso de acceso mediante proba atenderase á **nota final** da devandita proba, con independencia do centro educativo de procedencia da persoa solicitante.
- No grao superior, **o baremo** para a adxudicación de prazas **reserva ata o 70%** de prazas para alumnado (GRUPO A) con titulación de BACH ou equivalente, ata o 20% para alumnado (Grupo B) con titulación de Técnico de Grao Medio e ata o 10% (GRUPO C) para os que superen as probas de acceso a grao superior e outros.
- Prazo extraordinario: do **1 ao 8 de setembro**, para o alumnado que reúna as condicións no mes de setembro.
- **Adxudicación de praza:** unha vez que se lle adxudica unha praza, a persoa solicitante ten dúas posibilidades:
 - ⇒ **Matricularse** no centro adxudicado e nos prazos establecidos.
 - ⇒ **Renunciar á praza** no centro adxudicado e nos prazos establecidos. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa. Seguirase no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores.

>>> **OBSERVACIÓN:** no caso de non matricularse nin renunciar á praza adxudicada no prazo establecido, quedaríase excluído do proceso de admisión.

>>> Para máis información: www.edu.xunta.es/fp

MODALIDADES DE BACHARELATO PREFERENTES E MATERIAS VINCULADAS PARA O ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (COEXISTENCIA ACTUAL TÍTULOS LOXSE / LOE)

A) RELACIÓN DE *CICLOS LOXSE*, CON OFERTA PARA O CURSO 2016/2017

Familia profesional	Ciclos formativos de Grao Superior	Modalidades e materias de Bacharelato
ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas	Calquera modalidade de Bacharelato.
MANTEMENTO E SERVIZOS Á PRODUCCIÓN	Técnico Superior en Prevención de Riscos Profesionais	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e Ciencias Sociais. Tecnoloxía.
MANTEMENTO DE VEHÍCULOS AUTOPROPULSADOS	Técnico Superior en Mantemento Aeromecánico	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía / Electrotecnia e Mecánica
QUÍMICA	Técnico Superior en Química Ambiental	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía / Química .
SANIDADE	- Técnico Superior en Dietética - Técnico Superior en Saúde Ambiental	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía / Bioloxía (para Dietética) e Ciencias da Terra e do Ambiente (para Saúde Ambiental).

B) RELACIÓN DE *CICLOS LOE* / CURSO 2016/2017

Familia profesional	Ciclos formativos de Grao Superior	Modalidades e materias de Bacharelato
ADMINISTRACIÓN e XESTIÓN	- Técnico Superior en Administración e Finanzas - Técnico Superior en Asistencia á Dirección	Humanidades e Ciencias Sociais.
AGRARIA	- Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural - Técnico Superior en Paisaxismo e Medio Rural - Técnico Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal	Ciencias e Tecnoloxía.
ARTES GRÁFICAS	- Técnico Superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia - Técnico Superior en Deseño e Xestión da Produción Gráfica	Ciencias e Tecnoloxía. Artes.
ARTES E ARTESANÍA	Técnico Superior en Artista de Fallas e Construción de Escenografías	Artes.
COMERCIO E MÁRKETING	- Técnico Superior en Transporte e Loxística - Técnico Superior en Márketing e Publicidade - Técnico Superior en Comercio Internacional - Técnico Superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais	Humanidades e Ciencias Sociais
EDIFICACIÓN e OBRA CIVIL	- Técnico Superior en Proxectos de Edificación - Técnico Superior en Proxectos de Obra Civil - Técnico Superior en Organización e Control de Obras de Construción	Ciencias e Tecnoloxía. Artes.
ELECTRICIDADE e	Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos e	Ciencias e Tecnoloxía.

Familia profesional	Ciclos formativos de Grao Superior	Modalidades e materias de Bacharelato
ELECTRÓNICA	- Automatizados - Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e Informáticos - Técnico Superior en Automatización e Robótica Industrial - Técnico Superior en Mantemento Electrónico	
ENERXIA e AUGA	■ Técnico Superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica ■ Técnico Superior en Enerxías Renovables ■ Técnico Superior en Centrais Eléctricas	Ciencias e Tecnoloxía.
FABRICACIÓN MECÁNICA	■ Técnico Superior en Programación da Producción en Fabricación Mecánica ■ Técnico Superior en Construcións Metálicas ■ Técnico Superior en Deseño en Fabricación Mecánica ■ Técnico Superior en Programación da Producción en Moldeamento de Metais e Polímeros	Ciencias e Tecnoloxía.
HOSTALERÍA e TURISMO	■ Técnico Superior en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos	Humanidades e Ciencias Sociais.
	■ Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas	Humanidades e Ciencias Sociais.
	■ Técnico Superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos	Humanidades e Ciencias Sociais.
	■ Técnico Superior en Dirección de Servizos de Restauración	Ciencias e Tecnoloxía.
	■ Técnico Superior en Dirección de Cociña	Ciencias e Tecnoloxía.
IMAXE PERSOAL	■ Técnico Superior en Estética Integral e Benestar (1) ■ Técnico Superior en Estilismo e Dirección de Peiteado (2) ■ Técnico Superior en Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa (3) ■ Técnico Superior en Caracterización e Maquillaxe Profesional (4)	(1) Ciencias e Tecnoloxía. (2, 3 e 4) Ciencias e Tecnoloxía. Humanidades e Ciencias Sociais.
IMAXE E SON	■ Técnico Superior en Producción de Audiovisuais e Espectáculos ■ Técnico Superior en Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos ■ Técnico Superior en Animación 3D, Xogos e Contornos Interactivos ■ Técnico Superior en Son para Audiovisuais e Espectáculos ■ Técnico Superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe	Ciencias e Tecnoloxía.
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	■ Técnico Superior en Vitivinicultura ■ Técnico Superior en Procesos e Calidade na Industria Alimentaria	Ciencias e Tecnoloxía.
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS		
INFORMÁTICA e COMUNICACIÓNS	■ Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede ■ Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web ■ Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma	Ciencias e Tecnoloxía.
INSTALACIÓN e	■ Técnico Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e Flúidos	Ciencias e Tecnoloxía.

Familia profesional	Ciclos formativos de Grao Superior	Modalidades e materias de Bacharelato
MANTEMENTO	- Técnico Superior en Mantemento de Instalacións Térmicas e Flúidos - Técnico Superior en Mecatrónica Industrial	
MADEIRA, MOBLE E CORTIZA	Técnico Superior en Deseño e Amoblamento	Ciencias e Tecnoloxía. Artes.
MARÍTIMO - PESQUEIRA	- Técnico Superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura - Técnico Superior en Acuicultura - Técnico Superior en Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións	Ciencias e Tecnoloxía.
QUÍMICA	- Técnico Superior en Laboratorio de Análise e Control de Calidade - Técnico Superior en Química Industrial - Técnico Superior en Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e Afíns	Ciencias e Tecnoloxía para os tres títulos e, alumnado que teña superado a materia de Química (nos dous primeiros títulos desta Familia Profesional).
SANIDADE	- Técnico Superior en Audioloxía Protésica - Técnico Superior en Próteses Dentais - Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico - Técnico Superior en Hixiene Bucodental - Técnico Superior en Documentación e Administración Sanitarias - Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear - Técnico Superior en Laboratorio Clínico e Biomédico - Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría - Técnico Superior en Ortoprótésis e Produtos de Apoio	Todos os títulos coa modalidade preferente de Ciencias e Tecnoloxía, agás o de Documentación e Administración Sanitarias (coa modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e tamén coa de Humanidades e Ciencias Sociais).
SEGURIDADE e AMBIENTE	- Técnico Superior en Educación e Control Ambiental - Técnico Superior en Coordinación e Protección Civil e Emerxencias	Ciencias e Tecnoloxía.
SERVIZOS SOCIOCULTURAIS e á COMUNIDADE	- Técnico Superior en Educación infantil - Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística - Técnico Superior en Integración Social - Técnico Superior en Mediación Comunicativa - Técnico Superior en Promoción de Igualdade de Xénero	Humanidades e Ciencias Sociais.
TÉXTIL, CONFECCIÓN e PEL	- Técnico Superior en Patronaxe e Moda (1) - Técnico Superior en Deseño e Producción de Calzado e Complementos (2) - Técnico Superior en Deseño Técnico en Têxtil e Pel (3) - Técnico Superior en Vestiario á Medida e de Espectáculos (4)	(1) Ciencias e Tecnoloxía. (2) e (3) Ciencias e Tecnoloxía. Artes. (4) Humanidades e Ciencias Sociais. Artes.
TRANSPORTE e MANTEMENTO de VEHÍCULOS	Técnico Superior en Automoción	Ciencias e Tecnoloxía.
VIDRO e CERÁMICA	Técnico Superior en Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias e Tecnoloxía.

Adscrición dos Títulos de Técnico Superior de Formación Profesional ás Ramas de coñecemento das Ensinanzas Universitarias oficiais

Familias profesionais	Ramas de coñecemento
 Administración e xestión / Administración.  Artes gráficas.  Artes e artesanía  Comercio e marketing.  Hostalaría e turismo.  Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son.  Servizos socioculturais e á comunidade.	Artes e Humanidades
 Agraria / Actividades agrarias.  Edificación e obra civil.  Electricidade e electrónica.  Energía e auga  Fabricación mecánica.  Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son.  Industrias extractivas  Industrias alimentarias.  Informática e comunicacións / Informática.  Instalación e mantemento / Mantemento e servizos á produción.  Madeira, moble e cortiza / Madeira e moble.  Marítimo-pesqueira / Actividades marítimo-pesqueira.  Química.  Sanidade.  Transporte e mantemento de vehículos / Mantemento de vehículos autopropulsados.	Ciencias

Familias profesionais	Ramas de coñecemento
 Téxtil, confección e pel.  Vidro e cerámica.	
 Agraria / Actividades agrarias.  Actividades físicas e deportivas.  Imaxe persoal.  Industrias alimentarias.  Química.  Sanidade.  Seguridade e medio ambiente  Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias da saúde
 Administración e xestión / Administración.  Actividades físicas e deportivas.  Artes gráficas.  Comercio e márketing.  Hostalaría e turismo.  Imaxe persoal.  Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son.  Seguridade e medio ambiente  Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias sociais e xurídicas
 Agraria / Actividades agrarias.  Artes gráficas.  Artes e artesanía  Edificación e obra civil.  Electricidade e electrónica.  Energía e auga	Enxeñería e arquitectura

Familias profesionais	Ramas de coñecemento
 Fabricación mecánica.	
 Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son.	
 Industrias alimentarias.	
 Industrias extractivas	
 Informática e comunicacións / Informática.	
 Instalación e mantemento / Mantemento e servizos á produción.	
 Madeira, moble e cortiza / Madeira e moble.	
 Marítimo-pesqueira / Actividades marítimo-pesqueiras.	
 Química.	
 Transporte e mantemento de vehículos / Mantemento de vehículos autopropulsados.	
 Téxtil, confección e pel.	
 Vidro e cerámica.	

PROBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

¿A quen van dirixidas?

Alumnado que non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder aos Ciclos Formativos de Grao Superior e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cumpridos **19 anos** ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA

Grao Superior	
Parte común	Esta proba organízase en tres partes: >>> Lingua galega. >>> Lingua castelá. >>> Matemáticas
Parte específica (*)	Organízase en tres opcións (A, B e C) – Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés) e filosofía e cidadanía. – Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física. – Opción C: ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

(*) O alumnado elixirá unha única opción (A, B ou C) e -dentro da opción elixida- escollerá **dúas materias**.

EXENCIONES

- >>> A solicitude de exencións parciais da proba deberase formular no momento da inscrición.
- >>> As persoas que teñan algunha das circunstancias para ter a exención total da proba poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, sen necesidade de inscribirse nas probas de acceso.

Grao Superior
Exención da totalidade da proba de acceso ▪ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior, presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente nas condicións que se indican na orde pola que se regulen as probas.
Exención da parte común da proba , acreditando unha das seguintes circunstancias: ▪ Superación da proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta. ▪ Superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de Ensinanzas Deportivas ou de Artes Plásticas e Deseño.
Exención da parte específica da proba , acreditando algunha das seguintes circunstancias: ▪ Dispor dun título de Técnico Auxiliar da Lei Xeral de Educación do 4 de agosto de 1970. Terá exención de acordo coa correspondencia do título coas familias profesionais segundo a opción da proba (anexos VIII e IX da convocatoria). ▪ Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta (anexo VIII da convocatoria). ▪ Ter como mínimo un ano de experiencia laboral -en xornada completa- en campos

profesionais que se correspondan con algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, segundo o citado anexo VIII da convocatoria. Nas familias Marítimo-Pesqueira e Imaxe e Son observarase o disposto no anexo IX da convocatoria, en función da cualificación profesional.

- Ter a condición de deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (no caso de presentarse pola opción C).
- Ter un título de técnico deportivo (no caso de presentarse pola opción C).
- Dispor dun título de técnico de artes plásticas e deseño (no caso de presentarse pola opción B).

>>> PARA MÁIS INFORMACIÓN ...

Consúltase a **Orde do 22 de xaneiro de 2018 (DOG do 8 de febreiro de 2018)**, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de **grao medio e de grao superior** de formación profesional do sistema educativo para o ano 2018.

Organización en opcións da parte específica da proba a ciclos formativos de grao superior, en función da familia profesional a que se desexe acceder

Opcións segundo familias profesionais / LOE	Materias de referencia do bacharelato
■ Administración e Xestión. ■ Comercio e Márketing. ■ Hostalaría e Turismo. ■ Servizos Socioculturais e á Comunidade. ■ Imaxe e Son (só o ciclo de Produción de Audiovisuais e Espectáculos).	Materias da opción A – Economía da empresa. – Lingua estranxeira (francés ou inglés). – Filosofía e cidadanía.
■ Artes Gráficas. ■ Edificación e Obra Civil. ■ Electricidade e Electrónica. ■ Imaxe e Son (agás o ciclo de Produción de Audiovisuais e Espectáculos). ■ Enerxía e Auga. ■ Fabricación Mecánica. ■ Informática e Comunicacions. ■ Instalación e Mantemento. ■ Madeira, Moble e Cortiza. ■ Marítimo-Pesqueira (agás o ciclo de Acuicultura). ■ Transporte e Mantemento de Vehículos. ■ Téxtil, Confección e Pel. ■ Industrias Extractivas. ■ Vidro e Cerámica.	Materias da opción B – Debuxo técnico. – Tecnoloxía industrial. – Física.
■ Agraria. ■ Actividades Físicas e Deportivas. ■ Imaxe Persoal. ■ Industrias Alimentarias. ■ Marítimo-Pesqueira (só o ciclo de Acuicultura). ■ Química. ■ Seguridade e Medio Ambiente. ■ Sanidade.	Materias da opción C – Ciencias da terra e ambientais. – Química. – Bioloxía.

AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

➔ Véxase a **Resolución do 21 de febreiro de 2017** (DOG do 27 de marzo) da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización da **avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/2018**.

ADSCRICIÓN DAS MATERIAS DE OPCIÓN DO BLOQUE DE MATERIAS TRONCAIS DE 2º DE BACHARELATO ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO DAS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

➔ Véxase o **Anexo II** da citada **Resolución do 21 de febreiro de 2017** (DOG do 27 de marzo) da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización da **avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/2018**.

PARÁMETROS DE PONDERACIÓN (0,1 ou 0,2) das materias da fase específica da ABAU para acceso ás Ensinanzas Universitarias Oficiais de Grao do SUG no curso 2017 / 2018.

➤ Véxase a Resolución do 24 de maio de 2017 (DOG do 31 de maio de 2017) pola que se publican os parámetros de ponderación das materias de opción e troncais de modalidade

PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE -CON LÍMITE DE PRAZAS- PARA O ALUMNADO DA FP DE GRAO SUPERIOR

¿A quen vai dirixida?

Ás persoas que dispoñan dos Títulos de Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou Títulos equivalentes, e queiran **acceder a unha Ensinanza Universitaria de Grao con límite de prazas**.

Estas persoas poderán acceder de modo directo, sen necesidade de proba, a calquera Ensinanza Universitaria de Grao sen límite de prazas.

NOTA DE ADMISIÓN

Aos efectos de ordenar as solicitudes para a súa adxudicación utilizarase unha nota de admisión que coincidirá coa nota media do ciclo formativo.

Nota de admisión = NMC

Procedemento para o cálculo da nota media do ciclo formativo

NMC (nota media do ciclo formativo): suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido polo número total dos módulos. Non serán computados os módulos de formación en centros de traballo (FCT) e os que fosen obxecto de validación.

A nota media exprésase con dúas cifras decimais e arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

PROCEDIMENTO PARA MELLORAR A NOTA DE ADMISIÓN

As persoas que desexen mellorar a nota de admisión téñense que presentar á fase voluntaria da ABAU. Ao respecto e para máis información relacionada así como sobre os criterios desta fase, véxanse as Resolucións xa citadas con anterioridade: **Resolución do 21 de febreiro de 2017 e Resolución do 24 de maio de 2017**.

➤ Páxina Web, <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-universidade>

INSCRICIÓN NO PROCEDIMENTO

Para presentarse e realizar a fase voluntaria será suficiente coa inscrición e aportar unha certificación académica oficial. **A certificación terá o carácter de documentación provisional** e non poderá procederse a admisión dos estudos universitarios de grao ata a consecución e entrega da documentación acreditativa de estar en posesión do correspondente Título.

➔ Na **certificación académica oficial** deberá constar:

- **Para os ciclos formativos de Grao Superior de FP**, a superación de tódolos módulos que compoñen o ciclo formativo, a excepción da Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, o módulo de proxecto.
- **Para os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño**, a superación de tódolos módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción da formación práctica en empresas, estudio e talleres e o módulo de proxecto integrado.
- **Para as Ensinanzas Deportivas**, a superación dos módulos que compoñen o ciclo de grao superior de que se trate, a excepción dos módulos de formación práctica e de proxecto final.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

- Música e Danza
- Arte Dramática
- Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Deseño
- Artes Plásticas

Os estudos superiores de **Música** teñen unha duración de **catro cursos académicos** para cada especialidade. **Accédese** a estes estudos co **Título de Bacharelato** ou equivalente ou a PAU para maiores de 25 anos e a superación dunha proba específica. Para o alumnado que estea en posesión do Título Profesional de Música ou equivalente, a nota media do expediente académico deste Grao Profesional de Música suporá **un 40%** da cualificación final da proba de acceso (media ponderada da cualificación). Aos aspirantes que non posúan o Título de Bacharel ou equivalente e que sexan **maiores de dezaseis anos**, seralles posible acceder sen este requisito, se demostran -a través dunha proba- que posúen os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas. Para máis información, en relación a esta forma de acceso para os maiores de 16 anos ou sobre as **especialidades** destes estudos, véxanse as **Resolucións do 4 de maio de 2017** (DOGs do 12 e do 16 de maio de 2017) así como o **Decreto 163/2015** do 29 de outubro (DOG do 16 de novembro de 2015) e o **Decreto 171/2016**, do 24 de novembro (DOG do 12 de decembro de 2016).

Existen catro especialidades: **Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía.**

A **Titulación Superior** que se obtén ao remate dos estudos é equivalente a unha carreira Universitaria de Grao, nas respectivas especialidades.

OFERTA EDUCATIVA DOS CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA

CENTRO	ESPECIALIDADES	
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Composición ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe ▪ Pedagogía da linguaxe musical ▪ Percusión ▪ Piano	▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba ▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello ▪ Acordeón ▪ Jazz
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO	▪ Canto ▪ Clarinete ▪ Composición ▪ Contrabaixo ▪ Fagot ▪ Frauta traveseira ▪ Guitarra ▪ Oboe ▪ Pedagogía da linguaxe musical ▪ Percusión ▪ Viola ▪ Violín ▪ Violoncello	▪ Gaita ▪ Musicoloxía ▪ Piano ▪ Saxofón ▪ Trombón ▪ Trompa ▪ Trompeta ▪ Tuba

Os estudos superiores de **Danza** teñen unha duración de **catro cursos académicos** para cada especialidade. **Accédese** a estes estudos co **Título de Bacharelato** ou equivalente ou a PAU para maiores de 25

anos e a superación dunha **proba específica**. Aos aspirantes que non posúan o Título de Bacharel ou equivalente e que sexan **maiores de dezaseis anos**, seralles posible acceder sen este requisito, se demostran -a través dunha proba- que posúen os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.

Existen dúas especialidades: **Pedagogía da Danza e Coreografía**. A **Titulación Superior** que se obtén ao remate dos estudos é equivalente a unha carreira Universitaria de Grao, nas respectivas especialidades. Estes estudos non se poden cursar en Galicia (só se imparten en Madrid, Barcelona, Málaga, Valencia, Alacante e Albacete).



Accédese a estes estudos co **Título de Bacharelato** ou equivalente ou a PAU para maiores de 25 anos e a superación dunha **proba específica**. Aos aspirantes que non posúan o Título de Bacharel **-maiores de dezaioito anos-** seralles posible acceder sen este requisito, se demostran a través dunha proba anual que acrediten que posúen os coñecementos, as habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas. En relación a esta forma de acceso para os que cumpran 18 anos no 2017 ou sobre as **especialidades** destes estudos,, véxanse as **Resolucións do 4 de maio de 2017** (DOGs do 12 e do 16 de maio de 2017) e o **Decreto 171/2016**, do 24 de novembro (DOG do 12 de decembro de 2016).

ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA (ESAD) – VIGO

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
Arte Dramática	Interpretación
	Dirección Escénica e Dramaturxia
	Escenografía

Ao remate dos estudos obtense unha **Titulación Superior** equivalente a unha carreira Universitaria de Grao, nas respectivas especialidades. Os estudos superiores de Arte Dramática teñen unha duración de catro cursos académicos.



Accédese a estes estudos co **Título de Bacharelato** ou equivalente ou a PAU para maiores de 25 anos e a superación dunha **proba específica**. Tamén se pode acceder directamente co **Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño**. Aos aspirantes que non posúan o Título de Bacharel ou equivalente e que fagan **dezaioito anos** no ano 2017, seralles posible acceder sen este requisito, se demostran -a través dunha proba- que posúen os coñecementos e a madurez en relación aos obxectivos propios do Bacharelato. Para máis información, en relación a esta forma de acceso para os maiores de 18 anos ou sobre as **especialidades** destes estudos, véxanse as **Resolucións do 4 de maio de 2017** (DOGs do 12 e do 16 de maio).

Todos os anos publícase unha **Resolución** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o **acceso e admisión** do alumnado ás **ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais**.

A **Titulación Superior** que se obtén ao remate dos estudos é equivalente a unha carreira Universitaria de Grao, nas respectivas especialidades.

ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA – PONTEVEDRA

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
Conservación e Restauración de Bens Culturais	Bens Arqueolóxicos
	Escultura
	Pintura



Accédese a estes estudos co **Título de Bacharelato** ou equivalente ou a PAU para maiores de 25 anos e a superación dunha **proba específica**. Tamén se pode acceder directamente co **Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño**. Aos aspirantes que non posúan o Título de Bacharel ou equivalente e que fagan **dezaoto anos** no ano 2016, seralles posible acceder sen este requisito, se demostran -a través dunha proba- que posúen os coñecementos e a madurez en relación aos obxectivos propios do Bacharelato. Para máis información, en relación a esta forma de acceso para os que cumpran 18 anos no 2017 ou sobre as especialidades e admisión en xeral para estes estudos, véxanse as **Resolucións do 4 de maio de 2017** (DOGs do 12 e do 16 de maio).

Impártense as **Especialidades de Gráfico, Interiores, Moda e Produto**, cunha duración de 4 cursos académicos. A **Titulación Superior** que se obtén ao remate dos estudos é equivalente a unha carreira Universitaria de Grao, nas respectivas especialidades.

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO - A CORUÑA

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
Estudios Superiores de Deseño	Deseño de Interiores
	Deseño Gráfico

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO MESTRE MATEO SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
------------	----------------

Estudios Superiores de Deseño	Deseño de Moda
	Deseño de Produtos

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN – LUGO

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
Estudios Superiores de Deseño	Deseño de Interiores
	Deseño Gráfico

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO ANTONIO FAÍLDE – OURENSE

ENSINANZAS	ESPECIALIDADES
Estudios Superiores de Deseño	Deseño de Interiores
	Deseño Gráfico



Os **requisitos de acceso** ao **Grao Superior** das Ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño son: posuír o Título de Bacharelato ou equivalente para efectos académicos e superar unha **proba específica**. O alumnado que non dispoña do Título de Bacharelato ou equivalente para efectos académicos, deberá ter cumpridos **dezanove anos** dentro do ano natural de realización da proba, ou **dezaioito** anos no caso de que acrediten estar en posesión dun título de técnico en artes plásticas e deseño da mesma familia profesional artística ca aquel á que pretenden acceder, e superar unha proba de madurez ademais da correspondente proba específica.

Estarán **exentos de realizar a proba específica** de acceso ao Grao Superior os que posúan o Título Bacharelato na **modalidade de Artes** ou o **Título de Técnico Superior de Artes Plásticas** e/ou **Deseño** nas súas diferentes especialidades ou títulos declarados equivalentes, ou o Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, a Licenciatura en Belas Artes, Arquitectura e Enxeñería Técnica en Deseño Industrial. Así mesmo estarán exentos e exentas de realizar a proba específica de acceso quen acredite ter **experiencia laboral** de, polo menos, un ano relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder (para máis información, consúltase a **Resolución do 30 de maio de 2017** / DOG do 9 de xuño, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa).

A **Titulación** que se obtén, ao remate dos estudos, é a de **Técnico Superior en Artes Plásticas**, nas respectivas especialidades dos ciclos formativos correspondentes.

OFERTA EDUCATIVA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO A CORUÑA

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS
Escultura	
	Ciclo Superior Escultura Aplicada ao Espectáculo
	Ciclo Superior Dourado, Prateado e Policromía
	Ensinanza modular en Técnicas Escultóricas: - Taller de Madeira / 2º curso
Comunicación gráfica e audiovisual	Ciclo Superior Fotografía
	Ciclo Superior Ilustración
Cerámica Artística	
	Ensinanza modular en Cerámica Artística: - Taller Cerámico / 1º curso - Taller Cerámico / 2º curso

**OFERTA EDUCATIVA DA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO MESTRE MATEO
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS
Comunicación Gráfica e Audiovisual	Ciclo Superior de Fotografía
Deseño de Interiores	Ciclo Superior Arquitectura Efémera
Escultura	Ciclo Superior Técnicas Escultóricas
	Ensinanza modular en Dourado, Prateado e Policromía: - Taller de Dourado e Prateado - Taller de Técnicas de Restauración de Dourado, Prateado e Policromía.
Xoiaría Artística	Ciclo Superior Xoiaría Artística

**OFERTA EDUCATIVA DA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO
RAMÓN FALCÓN – LUGO**

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS
Artes Aplicadas ao Libro	Ciclo Superior Gravado e Técnicas de Estampación
Comunicación Gráfica e Audiovisual	Ciclo Superior Fotografía
Cerámica Artística	Ciclo Superior Cerámica Artística
	Ensinanza modular en Cerámica Artística: - Taller Cerámico / 1º curso - Taller Cerámico / 2º curso

**OFERTA EDUCATIVA DA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DISEÑO
ANTONIO FAÍLDE – OURENSE**

FAMILIA PROFESIONAL ARTÍSTICA	CICLOS
Comunicación Gráfica e Audiovisual	Ciclo Superior Fotografía
	Ciclo Superior Ilustración
Escultura	Ciclo Superior Ebanistería Artística



ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR



Están dirixidas á obtención dos Títulos oficiais de Técnico Deportivo e de **Técnico Deportivo Superior**. As Ensinanzas Deportivas organízanse tamén en graos: Medio e Superior.

As Ensinanzas Deportivas de Grao Superior estrutúranse nun Ciclo Formativo de Grao Superior. Para acceder ao Ciclo de Grao Superior será necesario estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente, para os efectos académicos, así como do **Título de Técnico Deportivo** na correspondente modalidade ou especialidade deportiva correspondente.

No caso de determinadas modalidades ou especialidades, será ademais requisito necesario a superación dunha proba realizada polas Administracións Educativas, ou acreditar un mérito deportivo no que se demostre ter as condicións necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

Aquelas persoas que non posúan o Título de Bacharelato ou equivalente, aos efectos académicos, e que pretendan acceder ás Ensinanzas Deportivas de Grao Superior, deberán ter **19 anos** e superar unha **proba de madurez**, ou **18 anos** sempre e cando posúan, ademais do Título de Técnico Deportivo da modalidade correspondente, un **Título de Técnico** relacionado con aquel a que se desexa acceder. A idade mínima establecida deberase cumprir dentro do ano natural de realización das probas.

A proba de madurez **poderase substituír pola parte común** da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional ou de artes plásticas e deseño, ou a de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

En canto aos **prazos** de inscrición e matrícula así como as **datas** de desenvolvemento das probas e outras informacións de interese -curso 2017/2018- pódese consultar a **Resolución do 5 de xuño de 2017** / DOG do 14 de xuño, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

CENTROS PÚBLICOS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR

CENTROS	ESPECIALIDADE
IES Universidade Laboral (Culleredo/A Coruña)	Fútbol
IES “Sánchez Cantón” (Pontevedra)	Fútbol e Balonmán
CIFP “A Farixa” (Ourense)	Fútbol Sala
IES “Nosa Sra. dos Ollos Grandes” (Lugo)	Atletismo

IES “Río Cabe” (Monforte de Lemos)	Fútbol
IES “Fermín Bouza Brey” (Vilagarcía de Arousa)	Baloncesto
IES “As Barxas” (Moaña)	Atletismo
-----	Salvamento e Socorrismo

CPR AUTORIZADOS QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS DEPORTIVAS de GRAO SUPERIOR

CENTROS	ESPECIALIDADE
CADF (Real Club deportivo da Coruña)	Fútbol
CADF (Federación Galega de Fútbol da Coruña)	Fútbol
Federación Galega de Fútbol sala (Coruña)	Fútbol Sala
CPR Santa Apolonia (Santiago de Compostela)	Vela con Aparello Fixo Vela con Aparello Libre Hípica
CPR Liceo La Paz (A Coruña)	Fútbol Sala
Centro “Cemar”. Mondariz - Balneario.	Hípica.
Centro autorizado / Acadef - Vigo	Fútbol.
Centro de Enseñanzas Deportivas / COEN Centros de Formación, en Pontevedra.	Fútbol.

Centro de Enseñanzas Deportivas / COEN Centros de Formación, en Vigo.	Fútbol.
Centro de Enseñanzas Deportivas / Cenade - Vigo.	Fútbol.
Centro Autorizado de Enseñanzas Deportivas Montecastelo de Vigo	Fútbol.

ENSINANZAS DE IDIOMAS



Na actualidade as Ensinanzas de Idiomas pódense cursar nas modalidades presencial e a distancia (programa “That’s English”). As persoas non escolarizadas nas escolas oficiais de idiomas poderán obter os certificados de **niveis básico, intermedio e avanzado** mediante a superación de probas específicas polo réxime libre.

Ensinanzas	Requisitos	Acceso
Presencial	- Ter 16 anos cumpridos no ano en que comece os estudos. - Ter máis de 14 anos para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na ESO como primeira lingua estranxeira.	- Promoción de curso. - Por acceso directo por titulación. - Pola realización de probas de clasificación. - Os certificados do nivel básico e intermedio darán acceso ás ensinanzas do nivel intermedio e avanzado respectivamente. - O Título de Bacharelato habilitará para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato.
A distancia “That’s English”	Ter cumpridos 16 anos ou 14 se non se cursa inglés como primeira lingua na educación secundaria.	

ENSINANZAS REGULADAS POLO RD 1629/2006, DO 29 DE DECEMBRO

Nivel Básico 1	
Nivel Básico 2	
	Certificado de Nivel Básico (A2)
Nivel Intermedio 1	
Nivel intermedio 2	
	Certificado de Nivel Intermedio (B1)
Nivel Avanzado 1	
Nivel Avanzado 2	
	Certificado de Nivel Avanzado(B2)

A FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO OCUPACIONAL / CONTINUA

1. **Dependencia:** Administración Laboral (**Consellería de Traballo e Benestar**).
2. Para poder recibir esta formación cómpre **inscribirse na oficina de emprego** correspondente, como **demandante de emprego** do Servizo Galego de Colocación.

As principais alternativas de formación son:

- As **Escolas Obradoiro**. Son programas públicos de emprego- formación dirixidos a xoves desempregados. Destinados a **xoves** desempregados, preferentemente **menores de 25 anos**. A maioría destes programas duran **18 meses**. Os seis primeiros meses son case todo de **formación profesional de carácter ocupacional** e os restantes alternan formación e emprego mediante “contratos de formación” (alternancia traballo - formación).
- Os Cursos do **Plan Accións Formativas para o Desempregado** (AFD). Prográmanse anualmente. Son gratuítos. Necesítase cumprir os requisitos mínimos esixidos para o acceso á **proba de selección** (segundo o curso ao que se pretenda acceder). A finalidade destes cursos consiste en facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas. Para ser seleccionado é necesario superar unha proba e estar **entre os 15 primeiros**.

BOLSAS / AXUDAS DE INTERESE

Bolsas e axudas destinadas ao alumnado que curse estudos de carácter xeral ou para iniciar ensinanzas universitarias

Destinatarios

- Alumnado de Formación Profesional Básica e Programas Formativos.
- Ciclos Formativos de Grao Medio.
- Ciclos Formativos de Grao Superior.
- Bacharelato.
- Estudantes dos Graos Elementais e Medios de Música e Danza, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior de Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas.
- Ensinanzas de Arte Dramática e de Restauración e Conservación de Bens Culturais.
- Estudos Superiores de Música, Danza, Deseño e Artes Plásticas.
- Ensinanzas universitarias.

Como solicitalas

- Convócanse todos os anos no Boletín Oficial do Estado.
- A través da Web www.mec.es . Aquí pódense consultar as convocatorias de bolsas de estudo e o estado de tramitación dun expediente concreto.
- Entregar no centro docente no que o alumno/a está matriculado.
- Teléfono de información do Ministerio: 91 32 77 68 1

Publicación da última convocatoria / ano 2017. Resolución do 3 de agosto de 2017 (BOE do 12 de agosto). Solicitudes: ata o 3 de outubro, para as ensinanzas non universitarias. Para os estudos universitarios, ata o 17 de outubro de 2017.

Universidades que contan con bolsas de estudos propias

Existen Universidades que tamén convocan outras bolsas de estudos. A modo de exemplo, pódense consultar as seguintes:

- Universidade de Vigo: www.uvigo.es, teléfono 986 811 999.
- Universidade de Santiago: www.usc.es, teléfono 981 563 100
- Universidade de A Coruña: www.udc.es, teléfono 981 167 000
- UNED: teléfonos 91 39 89 720 / 91 39 87 510

Axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Destinatarios: Alumnado que presente algún tipo de discapacidade física, psíquica, sensorial, trastornos de conduta, TDAH ou altas capacidades.

Requisitos: económicos e académicos esixidos na convocatoria.

Como solicitalas:

- Convócanse no Boletín Oficial do Estado.
- Imprimir o modelo na Web www.mec.es ou fotocopiar o impreso da orde de convocatoria.
- Entregar no centro docente no que o alumno/a está matriculado.

Publicación da última convocatoria / ano 2017. Resolución do 3 de agosto de 2017 (BOE do 12 de agosto de 2017): solicitudes ata o 28 de setembro de 2017.

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensinanzas posobrigatorias non universitarias e de réxime especial

Destinatarios

Alumnado que curse as ensinanzas posobrigatorias non universitarias que se indican nos centros que se detallan na convocatoria.

Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acreditar a circunstancia de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade.

Con carácter particular e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

Como solicitalas

- Convócanse no Diario Oficial de Galicia.
- Cubrir o modelo que figura na convocatoria.
- Entregar directamente no centro residencial docente ou a través das dependencias establecidas na Lei 30/1992

Publicación da convocatoria para o curso 2017/2018: **Orde do 31 de maio de 2017** (DOG do 9 de xuño).

Prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social en Lugo, Ourense e Vigo: 220 prazas para mozos e mozas de 16 a 30 anos, por razóns de estudo ou traballo

Destinatarios

Alumnado de FP, BACH, Universidade; persoas solicitantes que teñan o lugar de traballo, con enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual.

Como solicitalas

- Convócanse no Diario Oficial de Galicia.
- Cubrir o modelo que figura na convocatoria.

Publicación da convocatoria para o curso 2017/2018: **Orde do 31 de maio de 2017** da Consellería de Política Social (DOG do 13 de xuño).

CONSIDERACIÓNS A MODO DE SUXESTIÓN

Este **documento de recompilación de información** para os Departamentos de Orientación e de Información e Orientación Profesional dos centros educativos da provincia, está **aberto** aos cambios ou modificacións de carácter normativo que se poidan producir así como ás posibles achegas ou propostas de mellora que desexen facer os Xefes e Xefas dos citados Departamentos.

Obxectivo: completar, contrastar e actualizar a información, evitar erros e estar ao día.

Ao respecto suxerimos o intercambio de **experiencias e materiais** que redunden en beneficio do alumnado ou persoas interesadas: **APRENDEMOS UNS DOS OUTROS**.

O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE PONTEVEDRA
Especialidade de Orientación Vocacional e Profesional
José Raposeiras Correa

